



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN ERRO BASES SELECCIÓN APROL 2025

EXPTE TEDEC: 2025/E001/000002

Visto que por Decreto núm. 101/2025, de data 22/05/2025, se aprobaron as bases de selección Aprot rural 2025, de acordo co establecido na Orden de 5 de marzo de 2025, da Consellería de Emprego da Xunta de Galicia.

Visto que con data 19/06/2025, núm. RE 460, por Javier Mendez Lata se presenta reclamación ao Decreto polo que se aproba a lista definitiva de aprobados coa orde de prelación, por entender que existen persoas que non cumpren os requisitos recollidos nas Bases de Selección. En concreto, que no se cumpre a base 3.g).

Visto que a Orden de 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprot rural) e se procede a convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código procedemento TR351G) i, regula no seu artigo 14 os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras.

Visto que ditos criterios nas bases que aproba o Concello, son unha mera transposición destes.

Visto que o artigo 14, recolle:

*“Artículo 14. Requisitos y criterios para la selección de las personas trabajadoras.
(...)”*

3. Las personas trabajadoras que hayan sido contratadas en el programa Aprot rural (TR351G), por un período igual o superior a nueve meses con cargo a las ayudas concedidas en el año 2024 por la Consellería de Empleo, Comercio y Emigración, en el ámbito de colaboración con las entidades locales, no podrán ser contratadas con cargo a las ayudas previstas en esta orden, excepto que lo hayan sido en ayuntamientos rurales de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).”

Detectado, a vista do anterior un erro nas Bases de selección do Concello de Fraides, e en aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a rectificación da base terceira, onde di:

“g) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.. ”

Debe dicir, sendo o texto correcto de conformidade coas bases aprobadas pola Consellería de Emprego da Xunta de Galicia:

“g) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego no ámbito de colaboración



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.. “

Segundo.- Notificar o presente acordó ao interesado e publicar no taboleiro da sede electrónica, así como dar conta na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Roberto Rey Martínez, ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.